Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 129. Outubro 2016. Distribución gratuíta

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

EMPRESA
Asetem repetirá na primavera o desfile de moda tralo éxito do de outono

MELIDE
A polémica polo atraso no inicio de curso do conservatorio chega á Xunta

COMARCA
Fenosa comeza os traballos para ampliar os accesos ao ferry do embalse

ENTREVISTA



Manuel Zas, Transportes Zas P23

Melisanto toma a iniciativa para impulsar un grupo lácteo galego

Catro cooperativas, entre a que se atopa a da Terra de Melide, acaban de anunciar a súa integración. O obxectivo máis inmediato é a redución dos custos de produción aproveitando as potencialidades de cada unha delas e compartindo servizos, mais a ninguén se lle escapa que nesta iniciativa pode estar o xermolo do gran grupo lácteo galego, tan agardado e no que moitos ven a solución a todos os males que achican o sector. P3



A avespa asiática avanza imparable pola comarca



Só en Melide foron exterminados no que vai de ano sete niños. Na última intervención, nos Ánxeles, foi necesaria a presenza de cazadores con escopetas. P11

Dairylac inicia no polígono as obras da torre de secado



Custará 12 millóns de euros e unha vez rematada permitirá procesar 300.000 toneladas de leite ao ano e dar saída a produtos con alto valor engadido. P4

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

27 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

O lobo das pensións



A fin das pensións é coma o conto de Pedro e o lobo. Levamos décadas escoitándoo pero nunca acabamos de crelo. Iso era un problema das xeracións máis novas, das que aínda descoñecían o que era traballar: as fillas das nosas fillas, os netos dos nosos veciños. O caso é que semella que dun plumazo lle arrincaron varias follas ao libro e o conto xa está nun momento no que lle vemos a cara ao lobo con orellas, ollos e o fociño soprando detrás da nosa caluga.

Se nada o impide, o lobo comerá a Pedro a finais do ano que vén. Aplicando o símil ao caso que nos ocupa, o Fondo de Reserva da Seguridade Social, comunmente coñecido como o peto das pensión, ten fixada a súa data de defunción para decembro de 2017. Será entón cando quede baleira, sen rastro deses cartos gardados das risas para as choras, e xa non haxa con que pagarlles a extra de Nadal aos xubilados.

A caixa das pensións foi creada no ano 1997 e recibiu a súa primeira achega no ano 2.000, con 600 millóns de euros. En 2011 acadou o seu máximo histórico, 68.000 millóns de euros, e a partir do ano seguinte comezouse a botar man dela. Ao peche do exercicio de 2015 contaba con 34.000 millóns e cando remate este ano quedaranlle pouco máis de 13.500. Isto, unido ao déficit da Seguridade Social, cun desfase entre ingresos e gastos próximo aos 20.000 millóns, deixa patente que temos un grave problema. A precarización do traballo e os salarios cada vez máis baixos (un informe recentemente publicado por Cáritas asegura que o 13% dos asalariados están en situación de pobreza), coa conseguinte redución na recadación por IRPF, non axudan a mellorar o panorama.

O sistema das pensións é inviable; fose porque naceu cunha natureza imperfecta, fose porque se fixo unha xestión nefasta e irresponsable na que, á marxe de crises, nin sequera se reaccionou ante o problema demográfico que dende hai tempo viña anunciando terribles consecuencias. Como fixo Pedro coa chegada do lobo.

Agora que lle vemos as orellas é preciso tomar medidas urxentes que teñen moi diferente natureza: atrasar máis a idade de xubilación, aumentar o cómputo da pensión a toda a vida laboral, financialas vía impostos, incrementar as bases máximas de cotización ou retirar as bonificacións fiscais á contratación. Pagarémolas os cidadáns padecendo de novo recortes e subas de impostos que aceptaremos como se fósemos os responsables da desfeita e por medo a perder o que temos. Que vén o lobo, que vén o lobo! Ata que nos coma.

Tribuna de opinión

Hai esperanza

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Estabamos demasiados acostumados a recibir só malas noticias do noso sector leiteiro. Familiarizámonos coas penurias a base de escoitalas a diario e mesmo acabamos aceptándoas como algo normal. Por iso non deixa de ser un feito excepcional, tanto por pouco habitual como por excelente, que nas últimas semanas saltasen ás páxinas desa lenta crónica dunha morte anunciada dúas novas que dan pé á esperanza.

Son novas que falan dun sector que se reorganiza e que está disposto a dar a batalla por manter a dignidade nun medio de vida que foi e é o sustento de milleiros de familias galegas. Por unha banda coñecemos a integración de catro cooperativas, entre elas a nosa, Melisanto, nun novo proxecto que inicialmente pretende compartir sinerxias para abaratar custos pero que pode ser o xermolo do tan ansiado e necesario grupo lácteo galego. Por outra banda coñecemos que Dairylac fará un investimento de 12 millóns de euros na súa planta da Madanela para fabricar derivados lácteos de alto valor engadido.

Dase a casualidade ademais de que tanto Melisanto como Dayrilac son socios de Asetem, o que é para nós un orgullo, ao igual ca o feito de que saian da Terra de Melide dúas iniciativas pioneiras que teñen un longo camiño por diante pero que poden supoñer o punto de arranque dunha nova época.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Xavier Pazo, Alba Freire, Rafael R. Gaioso
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Laura Díaz
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....11
-COMARCA.....14
-CULTURA E LECER.....20
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

Melisanto abandeira a creación dun grupo lácteo galego de referencia

Integrarase con Feiraco, Os Irmandiños e Xallas nunha nova sociedade cooperativa que controlará o 20% do mercado



De esquerda a dereita, os presidentes das cooperativas que sumarán forzas: Pablo Costoya (Melisanto), José Montes (Feiraco), J. Ángel Blanco (Os Irmandiños), J. Manuel Castro (Xallas)

Cando as solucións non chegan de fóra, hai que buscalas na casa. O sector leiteiro galego reacciona á prolongada crise de prezos e á feroz competencia do mercado globalizado cunha aposta pola reestruturación e entoando o himno da unión que fai a forza.

Con esa idea catro cooperativas, entre a que se atopa Melisanto, acaban de anunciar a súa integración. O obxectivo máis inmediato é a redución dos custos de produción aproveitando as potencialidades de cada unha delas e compartindo servizos, mais a ninguén se lle escapa que nesta iniciativa pode estar o xermolo do gran grupo lácteo galego no que moitos ven a solución a todos os males que achican o sector.

O primeiro paso nese longo camiño xa está dado trala aprobación nos respectivos consellos reitores de Feiraco, Os Irmandiños, Xallas e a propia Melisanto do acordo polo que se creará a Sociedade Cooperativa de Segundo Grao na que se integrarán. Agora dito acordo deberá ser ratificado o vindeiro 31 de outubro en asemblea polos socios de cada unha das cooperativas. De aprobarse a integración, para o que será preciso que polo menos tres das catro cooperativas apoien o plan, o ente comezaría a funcionar como tal a partir do 1 de xaneiro.

Os números

Trala integración o grupo cooperativo pasaría a ter unha facturación conxunta de 196 millóns de euros e controlaría o 20% do mercado lácteo galego. Del formarían parte 4.320 gandeiros, cunha produción de 410 millóns de litros de leite, 240.000 toneladas de penso e forraxe e unha plantilla de 437 traballadores. Os porcentaxes de participación establecéronse en función do valor das cooperativas, que seguirán mantendo a súa independencia unha vez creada a agrupación. Deste xeito Feiraco tería un peso do 45,3 %, Os Irmandiños 30,7%, Melisanto 12,6% e Xallas 11,4%.

A iniciativa está aberta á incorporación futura doutras cooperativas, tanto galegas como de Asturias e Cantabria. Para facelo só deberán reunir dous requisitos: ter unha facturación mínima de 5 millóns de euros e un capital social de 2. Aínda que nun primeiro momento os promotores da iniciativa non contemplan a comercialización conxunta de leite, as portas están abertas para que no futuro tamén se coopere nese aspecto.

Un longo camiño

"Primeiro ten que nacer a criatura e despois hai que deixala medrar". O presidente de Melisanto, Pablo Costoya, amósase cauto sobre o lonxe que pode chegar o proxecto nun futuro pero ao mesmo tempo convencido da súa eficacia para poder saír ao paso dos retos que presenta o sector: "as cooperativas pequenas teñen que unirse, si ou si", declarou nunha entrevista concedida a Radio Melide. No curto prazo avanza que traerá moitos beneficios para os socios e socias de Melisanto: "vanse ofrecer máis servizos, de máis calidade e máis eficientes ca os que estamos dando actualmente. Tanto en reprodución como en alimentación ou asesoramento legal, e con técnicos de alto nivel. Para unha cooperativa soa, e sobre todo para a máis pequena das catro que somos nós, ofrecer iso é moi difícil". Explicou tamén que a futura fusión tratará se seguir os pasos dos grandes movementos cooperativos de Europa.

Escaso interese por implantar as roldas de vixilancia no polígono

A posibilidade de implantar un servizo de vixilancia privado durante as fins de semana na Madanela arrefríase tralo escaso interese amosado polo empresariado do polígono ante a iniciativa lanzada por Asetem ao respecto. Tan só cinco representantes de empresas acudiron á charla informativa impartida na sede da patronal por profesionais de Seguridade A-1, que presentaron ante os asistentes a súa proposta de roldas discontinuas en horario nocturno de 22:00 a 6:00 horas; unha fórmula contemplada pola lei que non precisa autorización previa, na que se factura por horas de traballo real e na que o contrato se pode adaptar aos requirimentos de cada empresario.

Segundo expresaron os expertos durante a charla, trátase dun sistema "pensado para el beneficio particular" que ten como vantaxe de contratalo colectivamente o feito de que sae máis económico. Sería viable poñelo en marcha se hai cinco ou seis empresas interesadas.



Responsables de A-1 responderon ás preguntas dos socios

O CONCELLO INAUGURARÁ O 26 DE OUTUBRO O VIVEIRO COMARCAL

O Concello de Melide inaugurará oficialmente o mércores 26 de outubro o viveiro de empresas comarcal, executado na planta baixa do Edificio Multiusos cun investimento de 150.000 euros con cargo a fondos europeos e en colaboración coa Cámara de Comercio de Santiago e a Fundación Incyde, de apoio ao emprendemento. O viveiro prestará servizo gratuíto aos emprendedores/as do propio municipio e doutros oito: Arzúa, Boimorto, Sobrado, Toques, Santiso, Touro, O Pino e Vilasantar. A súa finalidade é contribuír a impulsar iniciativas que diversifiquen o tecido empresarial da comarca.

DIMITE DIÉTER MOURE, PRESIDENTE DA CONFEDERACIÓN GALEGA DE EMPRESAS

Antonio Diéter Moure presentou a súa dimisión como presidente da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). A súa renuncia, segundo palabras textuais, responde "a motivos estritamente persoais", pois entende que a patronal galega vai necesitar "unha dedicación de 24 horas o día" que non ve capaz de asumir neste momento. A decisión, non obstante, foi tomada despois de que as confederacións de empresarios das catro provincias galegas lle retiraran o seu apoio. Agora, ata a convocatoria de novas eleccións, as rendas da organización serán collidas polos catro vicepresidentes da xunta directiva.

Dairylac inicia a construción no polígono da torre de secado de leite

Custará 12 millóns de euros e unha vez rematada, en 2018, permitirá procesar 300.000 toneladas ao ano



Aspecto final que terá a torre de secado de leite de Dairylac

Dairylac, empresa dedicada á fabricación de derivados lácteos con base no polígono da Madanela, apostará por Melide como lugar dende o que expandir o seu proxecto industrial. O consello de administración da compañía acaba de dar luz verde á construción dunha torre de secado de leite a carón da planta de 10.000 cadrados que xa ten no parque empresarial melidense.

As obras comezarán de xeito inminente e suporán un investimento próximo aos 12 millóns de euros, dos que a Consellería do Medio Rural achegará case 5. Unha vez que estean rematadas (previsiblemente na primavera de 2018, pois os traballos teñen un período de execución de 18 meses), a compañía será quen de procesar 300.000 toneladas de leite ao ano.

A construción desta torre de secado é unha peza clave do plan estratéxico da compañía para producir leite en po, produtos de alimentación infantil, proteínas e outros derivados lácteos a partir do soro procedente da elaboración de queixos. Segundo subliña a dirección de Dairylac "esta é a alternativa para impulsar o valor do campo galego e para evitar o peche das explotacións, porque o futuro do sector lácteo xa non pode sosterse só na venda do leite e na elaboración de queixos".

A mellor oferta

Con todo, a produción de queixos a grande escala con destino aos mercados de España e á exportación tamén está no punto de mira de Dairylac como parte da súa estratexia expansiva. Por iso a compañía vén de redobrar os seus esforzos para adquirir os activos de Lácteos Pérez Olveira e Alimentos Ruta Xacobea, actualmente en concurso de acredores.

Na poxa por mercar estas queixerías, a empresa galega compite co grupo catalán Teodoro García Trabadelo (TGT), que ata agora presentara a oferta máis elevada. Non obstante, Dairylac acaba de mellorar "substancialmente" a súa elevándoa ata os 6.346.281 euros, o que supón un incremento do 24% con respecto á oferta formulada inicialmente e 286.000 euros máis cá de TGT. Ademais a nova proposta de Dairylac inclúe unha achega de 724.000 euros para facerlle fronte ás débedas que Lácteos Pérez Olveira mantén cos seus gandeiros provedores.

A dirección explica que esta aposta responde á vocación da compañía de construír un proxecto lácteo "a longo prazo, protagonizado polos gandeiros galegos e pensado para xerar valor engadido sobre a materia prima", xa que se busca "socializar os beneficios, ao ter entre os accionistas aos cooperativistas".

Dairylac constituíuse en setembro de 2015 sobre a base da antiga Lasurgal, coa participación das cooperativas Icos (Chantada) e Codeira (Portoramín) auspiciada pola Xunta a través de Xesgalicia, que posúe un 25% da participación.



XORNADAS FORMATIVAS EN ASETEM

PARA OS RESTAURANTES DO CAMIÑO



Turismo de Galicia, en colaboración con Asetem, impartirá en Melide varias charlas dirixidas aos bares e restaurantes situados no Camiño de Santiago. Trátase de formación gratuíta que ten como obxectivo achegar algunhas claves para mellorar a calidade do servizo.

A primeira das accións formativas será o **luns 24 de outubro** e versará sobre a atención ao cliente nos restaurantes do Camiño de Santiago. As outras dúas concentraranse na xornada matinal do **luns 14 de novembro** e terán lugar no salón de actos de Asetem. A primeira delas leva por título *"A importancia da gastronomía galega na cultura xacobea"* e pretende dar a coñecer diferentes opcións de menú feitos con produtos galegos. Terá tan só unha hora de duración, de 9:15 a 10:15. De seguido, ás 11:00 e ata as 13:00 horas, terá lugar a terceira das charlas: *"O menú do peregrino como potenciador dos produtos autóctonos"*, co que se quere poñer en valor a gastronomía de Galicia no Camiño.

A inscrición pódese realizar a través da páxina web do Centro Superior de Hostalería de Galicia, entrando no apartado de "Consultoría e formación", ou ben en Asetem.

E-COMMERCE E REDES SOCIAIS



Asetem acollerá o vindeiro **martes 15 de novembro** un seminario sobre eCommerce e redes sociais para o comercio minorista. O obxectivo deste módulo, impartido a través da Cámara de Comercio de Santiago, é dar unha visión de conxunto dos resultados que se poden obter coa venda online así como das alternativas que ofrecen as novas tecnoloxías e das ferramentas necesarias para sacarlles proveito.

Os contidos comezarán abordando a necesidade de vender en internet para logo presentar diferentes estratexias e plataformas gratuítas e de baixo custo para facelo. Tamén se explicará como facer un plan de marketing online e un plan de contidos para as redes sociais. As explicacións acompañaranse dunha presentación en Power Point e de exemplos e casos prácticos de éxito de diferentes pemes que se lanzaron á venda online.

O curso dará comezo ás 16:30 e terá unha duración de catro horas. Está dirixido a propietarios de negocios, empregados, emprendedores e persoas interesadas en xeral. As prazas son limitadas polo que a admisión se fará por orde de inscrición, a cal se pode completar poñéndose en contacto con Asetem.

INSTALACIÓN DE DESFIBRILADORES



Responsables da Empresa B+Safe, unha das principais distribuidoras de desfibriladores en Galicia, visitará o vindeiro **mércores 26 de outubro** a sede de Asetem para informar a socios e socias sobre a importancia de converteren as súas empresas en espazos cardioprotexidos.

A charla dará comezo ás 20:30 horas e centrarase nas vantaxes de contar no lugar de traballo cun desfibrilador operacional conectado, isto é: dotado de teleasistencia médica e localización por GPS as 24 horas do día. Este tipo de equipos aumentan un 90% as posibilidades de supervivencia ante unha parada cardíaca e son un dos medios máis efectivos para paliar un dos inconvenientes do medio rural: a distancia dos centros hospitalarios.

A día de hoxe en Melide só existe un desfibrilador segundo datos do 061, que controla 142 desfibriladores instalados en 22 municipios da área sanitaria de Santiago. Case a metade, 69, están en ambulancias, 50 en centros educativos e deportivos, 8 en superficies comerciais e empresas, 9 son empregadas polas forzas da orde pública e Protección Civil e os 6 restantes atópanse en edificios administrativos e no aeroporto.

PROTECCIÓN DE DATOS NA EMPRESA



O tratamento de datos de carácter persoal e a súa protección é un aspecto de vital importancia para as empresas que a miúdo se descoida e sobre o que hai un gran descoñecemento. Co obxectivo de ofrecer unha visión xeral e práctica dos dereitos e obrigas que recolle a Ley Orgánica de Protección de Datos, Asetem organiza unha xornada formativa sobre a materia para o vindeiro **venres 11 de novembro**. Cunha duración de catro horas e impartido por profesionais da consultoría CVVinforaid S.L., está dirixido a propietarios e traballadores de pequenas empresas, así como a profesionais autónomos de calquera sector. A inscrición deberá facerse en Asetem antes do día 31 de outubro.

Esta xornada formativa persegue, por unha banda, concienciar sobre a forma en que afecta a Lei de Protección de Datos á empresa e sobre as consecuencias do seu incumprimento. Por outra, ofrecerá un código de boas prácticas para protexer de forma sinxela os negocios e evitar sancións.

A formación sobre protección de datos é obrigatoria para aquelas persoas que, dentro de cada empresa, se encargan da xestión de ficheiros.

O comercio de Melide exhibe músculo e tendencias cunha pasarela de moda

Dezaseis establecementos asociados a Asetem e 46 modelos amateur amosaron propostas para este outono-inverno



Os máis pequenos cativaron ao público asistente durante o desfile

Chegou o 15 de outubro e por un día Melide converteuse na meca da moda do interior de Galicia. O motivo, a pasarela organizada por Asetem e a empresa local de ocio e animación Xanela para dar a coñecer entre a clientela da comarca e arredores as propostas dos establecementos da vila para a tempada outono-inverno que acaba de arrincar.

Con todos os ingredientes propios dun evento destas características (modelos apuradas e con nervios, rebumbios nos camerinos, photocall, música, focos e un público expectante e atento) a pasarela deu comezo a media tarde na casa da cultura coa participación de 16 tendas socias da patronal: dez de roupa, tres ópticas, dúas zapaterías e un comercio de complementos.

Durante algo máis dunha hora o público asistente puido ver sobre a pasarela propostas para home e muller de todas as idades; comezando polos pequenos a partir de tres anos, que cativaron aos presentes coa súa desenvoltura desfilando e acapararon os aplausos máis sonoros. De seguido chegaron as propostas e complementos orientados para a mocidade e posteriormente a moda sénior. Tampouco faltou a roupa de festa para as ocasións máis especiais.

Sen dúbida os deseños vistos durante o desfile foron os auténticos protagonistas da tarde, mais non o foron menos os 46 modelos amateur da vila que se encargaron de lucilos; 16 nenos e 30 adultos elixidos polas propias tendas participantes e tamén no caso dos máis cativos a través dun casting que realizou Asetem en semanas previas. A súa colaboración desinteresada foi clave para que o desfile se realizade con éxito, ao igual cá do concello de Melide e da Asociación Cultural Charamela, que contribuíu co soporte técnico.

Melide está de Moda, como foi bautizado o desfile, tivo unha posta en escena dinámica na que se proxectaron fotografías de cada unha das tendas e se foron describindo os deseños presentados. A decoración, con mobles e flores de inspiración vintage, tamén correu a cargo de dous negocios da vila especializados: Mobles Ares e Floristería Strelitzia. O resto de tendas participantes nesta primeira edición foron Colorín colorado, Pequeniños, Mis Mejores Labores, Sport Moda, Sisuka, California 66, Medusa, Stardemoda, M&M, Tu Boutik, Perfumería Lyss, Multiópticas, Alain Afflelou, Federópticos, Zapatería Romero e Calzados Romero.

UN NOVO DESFILE PARA A TEMPADA PRIMAVERA-VERÁN

Melide está de moda é unha iniciativa que xurdiu a proposta dos propios comerciantes asociados e que Asetem non dubidou en apoiar dende o primeiro momento. "Sempre tivemos interese por potenciar a imaxe de Melide como o centro comercial aberto que somos e este proxecto, sen dúbida ningunha, contribúe a iso", expresou o presidente da patronal, Manuel Vázquez.

Malia que xa se organizara en 2011 unha iniciativa semellante no Pazo de Congresos, esta foi a primeira vez que se apostou por un formato destas características, máis reducido e coa casa da cultura como escenario. O éxito do desfile anima a realizar unha nova pasarela de cara á tempada primavera-verán, unha idea que xa estaba en mente inicialmente e que agora sae reforzada. As datas máis probables serían os meses de marzo ou abril.



HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE
Tlf: 982 153 232 / 679 035 713



IMPRENTA
eligraf
Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

M3M 2016 MELIDE ESTÁ DE MODA

A PASARELA EN IMAXES


Tu Boutik


Perfumería Lyss
Multiópticas



California 66


Medusa


M & M


Sisuka


Romero
Federópticos


Stardemoda



Broz
Alain Afflelou


Sport Moda



Mis Mejores Labores


Pequeniños

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

MARGARITA IGLESIAS, "MIS MEJORES LABORES" *(Ronda da Coruña, nº 38)*



"Os artigos que antes amosaba por catálogo agora pódense ver e tocar"

-Acaba de mudarse a un local moito máis amplo. Que motivou este cambio?
-Margarita Iglesias (M.I): Principalmente que despois de cinco anos na tenda antiga, alí xa non me cabía nada máis era o momento de ampliar, para que a xente tivese a oportunidade de mercar aquí algo de todo para os seus bebés sen necesidade de marchar á Coruña, Santiago ou Lugo.

-Ten agora máis mercancía á venda?
-M.I.: Mercancía sempre tiven un pouco de todo. O que acontece agora é que teño máis modelos na tenda. Antes tiña que amosalos por catálogo e agora pódense ver e tocar. O que marca a diferenza é o espazo, xa que pasei de 80 metros cadrados a 200, dos cales 170 están totalmente dedicados á exposición de artigos; especialmente a carriños, sillas, tronas e todo o que teña que ver cos bebés acabados de nacer. Iso ocupa a metade da tenda. Na outra metade está a roupa de neno e nena e logo a lencería, corsetería e pixamas.

-En cinco anos a súa tenda medrou moi rápido. Xa pouco ten que ver co que era nun principio...
-M.I.: O único que conservo dende os inicios é a lencería. Cando empecei tamén tiña complementos como bolsos e colares pero acabeinos deixando e foi entón cando apostei pola puericultura e fun introducindo prendas para nenos. Empecei con mercancía de bebé; as típicas cousas que se regalan tralo nacemento. Agora na tenda nova temos roupa ata a talla 12, todo tipo de artigos de puericultura e roupa interior para home, muller, neno e nena. Por outra parte o concepto de tenda tamén é diferente: xa non hai que achegarse necesariamente ao mostrador para pedir, senón que o cliente pode entrar, ver todo o que hai exposto sen compromiso e coller o que lle guste ou marchar sen nada.

-Ata agora a súa tenda tivo moi boa aceptación entre os consumidores. Cal é a clave para que a clientela entre pola porta e merque?
-M.I.: Unha das claves está en traballar día e noite. Tamén é importante que haxa moito onde escoller. A xente quere mirar e comparar; está claro que canta máis mercancía haxa máis se vende. Ata agora o que o tivo mellor saída foron os artigos de regalo para bebé. A lencería tamén se vende ben e a roupa de nenos foi indo máis lenta porque tiña moi pouco espazo para expoñela.

-Con esta ampliación xa ve colmadas todas as súas aspiracións?
-M.I.: Si, relativamente (ri). De momento xa pasei de 80 metros a 200. Vou pouco a pouco pero eu sempre aspiro a medrar máis.



ACCIÓNS FORMATIVAS

ESCOLA ITINERANTE DE TURISMO

ATENCIÓN AO CLIENTE NOS RESTAURANTES DO CAMIÑO



Data: LUNS, 24 DE OUTUBRO
HORA: 10,00 a 13,00 h
LUGAR: aula de formación de ASETEM



A IMPORTANCIA DA GASTRONOMÍA GALEGA NA CULTURA XACOBEA E EN GALICIA

Data: LUNS, 14 DE NOVEMBRO
HORA: 9,15 a 10,15 h
LUGAR: aula de formación de ASETEM

O MENÚ DO PEREGRINO COMO POTENCIADOR DOS PRODUTOS AUTÓCTONOS

Data: LUNS, 14 DE NOVEMBRO
HORA: 11,00 a 13,00 h
LUGAR: aula de formación de ASETEM

INSCRICIÓN: ESCOLA ITINERANTE DE TURIMO
http://www.cshg.es/index.php/es/consultoria-y-formacion/escuela-de-turismo

Floristería MARU

1 y 2 de noviembre
DIA DE DIFUNTOS
Un recuerdo, una flor...



- Amplia variedad en flores y plantas
- Eventos nupciales, comuniones, etc...
- Coronas y centros florales

Rúa do Convento, nº 9 Melide *Tlf: 981 507 580 / 607 507 579* *e-mail: floristeriamaru@gmail.com*

Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad



Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*

Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

Teleflora

Flor 10

Floristería Tarrío

- *Produtor de toda clase de flores*
- *Preparamos:*
  Ramos de noiva, coroas, ramos, palmas, centros, etc..
- *Estamos ao seu servizo en:*
  R/ Amador Rodríguez, 7
  Tfnos: 981 50 61 64 / 981 50 59 86
  666 49 38 49 / 666 49 38 50



MELIDE

Sete niños de avespas asiáticas foron retirados en Melide no que vai de ano

O último localizouse nun eucalipto da parroquia dos Ánxeles a 30 metros de altura. Foi preciso eliminalo con tiros de escopeta

"Dicían que só chegarían á costa pero aquí estamos a 500 metros e adáptanse perfectamente". Alejandro Martín, xefe territorial de Medio Ambiente, non deixa de sorprenderse pola velocidade coa que a avespa velutina, popularmente coñecida como avespa asiática, está a colonizar o interior de Galicia. Melide é un exemplo do rápido avance desta especie invasora, un progreso que certifica o número de niños erradicados no municipio nos últimos meses: sete no que vai de ano, fronte aos tres que se destruíron en todo o 2015. "De seguir este ritmo estimamos que para o ano haberá que eliminar máis de vinte", prognostica Martín.

O último niño de velutinas foi localizado nun monte da aldea de Penacova, parroquia dos Ánxeles. Avistárono os veciños do lugar no alto dun eucalipto, a unha altura aproximada de 30 metros. Esta circunstancia, xunto co difícil acceso, fixeron "xustificable" a súa retirada "mediante a utilización de disparos de escopeta", un método a priori pouco ortodoxo que, non obstante, aparece recollido no anexo II do protocolo de destrución redactado pola Consellería do Medio Rural para aqueles casos nos que os niños "se atopan no medio natural a unha altura maior que a alcanzable cunha pértega para aplicar biocidas".



Juan González, Naco Blanco e Antonio González, os cazadores autorizados para disparar, apuntándolle ao niño de avespas

A manobra foi autorizada pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza previa solicitude realizada polo Concello, quen á súa vez pediu a colaboración da Sociedade de Caza de Melide.

Método pouco utilizado

A erradicación do niño tivo lugar o 14 de outubro pouco antes das 9 da mañá. Era a segunda vez que na provincia da Coruña se botaba man de escopetas e cazadores para acabar coas avespas asiáticas. A primeira experiencia similar realizárase tan só unha semana antes no concello de Touro. Ata o lugar de Penacova desprazáronse os tres cazadores autorizados (Juan González, Naco Blanco e Antonio González), xunto cun técnico especialista da Xunta dotado dun traxe axeitado e o xefe territorial de Medioambiente, que supervisou a operación.

O protocolo establecía que se debía despegar o niño da póla na que estaba enganchado mediante disparos e, unha vez no chan, aplicarlle un spray biocida para matar as avespas.



Os restos do niño foron depositados nunha bolsa e logo enterrados

Tan só tardaron 7 minutos os cazadores melidenses en facer o seu traballo, que o xefe territorial cualificou de "impecable" pola rapidez e o efecto dos disparos consecutivos sobre o niño, que rematou caendo en tres anacos e coa maioría das avespas xa mortas polo efecto da pólvora.

O alumnado do obradoiro creará unha área axardinada a carón do Camiño



Turismo Melide

Como parte da formación do obradoiro de emprego especializado en xardinería que o pasado 1 de outubro deu inicio en Melide, os 20 alumnos e alumas participantes neste taller crearán unha área de recreo a carón do Camiño Francés.

En concreto acondicionarán os terreos de titularidade municipal que hai na marxe dereita do tramo que une a aldea de Furelos co casco urbano. A intervención, segundo explicou a alcadesa, Dalia García, consistirá en "crear unha área verde cunha zona de descanso e outra de axardinamento que incluirá a plantación de árbores e servirá para humanizar a contorna". Non será o único proveito que o municipio lle saque a este obradoiro, pois as prácticas tamén inclúen actuacións na área recreativa de Furelos para instalar un sistema de rego.

O taller, que precisamente leva por nome *"Furelos, espazos naturais"*, está financiado pola Xunta con preto de 180.000 euros. Terá unha duración de seis meses durante os cales os alumnos e alumnas estarán contratados. Ademais, aqueles que só dispoñan do certificado escolar poderán aproveitar para obter o título da ESO. "Aproveitade esta oportunidade e formádevos", recomendou a rexedora, "de aquí poden saír ideas innovadoras e algún proxecto emprendedor".

O PSOE denuncia ante Educación a "mala xestión" do conservatorio



O Conservatorio de Melide segue sen día fixado para o comezo das clases case un mes e medio despois do 15 de setembro que a normativa autonómica establece como data para o inicio da actividade académica. As probas para a selección dos mestres que se encargarán de impartir o ensino este curso finalizaron o pasado 19 de outubro e como consecuencia do atraso na súa contratación os exames de recuperación que se terían que ter realizado en setembro están aínda sen facer.

Desta situación e do malestar causado entre os pais, nais e alumnado pola tardanza no inicio das clases ten xa coñecemento a Consellería de Educación, ante a que o PSOE de Melide denunciou que "dende o curso 2011/2012 se vén producindo un grave atraso no inicio do curso escolar do Conservatorio". Así se recolle no escrito que os socialistas melidenses presentaron o pasado 18 de outubro en tres departamentos diferentes da consellería e no que tamén solicitan que a Xunta tome cartas no asunto e aplique "as medidas oportunas para garantir a calidade educativa á que os alumnos teñen dereito".

Na súa cruzada o PSOE irá máis alá e xa anuncia que cando estea constituído o Parlamento de Galicia presentará tamén alí iniciativas referentes ao conservatorio, unha medida que o voceiro dos socialistas, José Antonio Prado, xustifica en que se trata "dun importante factor de dinamización cultural e de formación que por culpa da mala xestión local corre o risco de non manterse operativo".

Dende o goberno local explican que o atraso se debe ás denuncias interportas contra o concello por 10 mestres a finais do curso pasado, o que obrigou ao executivo a asesorarse "polo interese xeral dos melidenses e do propio conservatorio" antes de iniciar calquera proceso.

Cambian a cuberta do concello para evitar goteiras e filtracións

As fachadas principal e traseira da casa consistorial de Melide permanecerán agochadas tras andamios durante as próximas semanas. O motivo son as obras de mellora que se están a realizar na cuberta do edificio co obxectivo de solucionar os problemas de goteiras e humidades que viña arrastrando e que afectaban principalmente á parte máis nova do inmoble, que foi ampliado no anos noventa.

Desa época data a cuberta que agora se reparará e na que se investirán 60.500 euros, dos cales 45.000 serán financiados pola Consellería de Vicepresidencia. Agárdase que as obras estean finalizadas a finais de mes. A alcaldesa, Dalia García, asegura que esta era unha obra "moi necesaria" que ademais de solucionar o problema de filtracións permitirá mellorar a eficiencia enerxética do edificio e acabar coas eivas de certos departamentos.




Completan o arranxo de dez pistas en cinco parroquias do rural


O concello de Melide vén de rematar as obras do Plan Marco de camiños, a través do cal AGADER subvencionou con 90.000 euros a mellora no acceso á explotacións gandeiras e núcleos rurais. As actuacións realizáronse en dez aldeas de cinco parroquias: Agüeiros, Zaramil, San cosme, Guillar e Sucarreira na parroquia de San salvador; Teillor e Mirce na parroquia de Moldes; Penagundín no Meire; Gende en Folladela e a Veiga na parroquia de Campos.

Dende o goberno local consideran de vital importancia a mellora do firme das pistas rurais, xa que o sector primario "debe contar cunhas infraestruturas adecuadas para desenvolver a súa actividade". A alcaldes, Dalia García, engade que esta liña de mellora das comunicacións é fundamental "para a equiparación entre o medio rural e o núcleo urbano".



Critican a falta dun plan de xestión "claro" para o Camiño en Melide





O PSOE de Melide bota de menos un plan de xestión "claro" e con contido específico para o Camiño de Santiago que permita solucionar problemas e aproveitar mellor as súas potencialidades. A xuízo dos socialistas a ruta xacobea é utilizada polo goberno local e pola Xunta como unha "fonte de propaganda institucional", o que se evidencia nalgunhas eivas do Camiño ao seu paso por Melide.

Entre elas citan o estado do firme na aldea de Furelos. Denuncian a existencia de numerosas lousas e pedras que están soltas "representando un perigo para os peregrinos e veciños que por alí transitan". Por outra banda cuestionan que os meses de outubro e novembro sexan os idóneos para desenvolver un programa de voluntariado para prestar información turística ao peregrino a pé do Camiño. Cren que tería "máis lóxica" facelo cando hai maior afluencia, como xullo e agosto.

Chega a Melide o 4G para mellorar a cobertura móbil

As operadoras de telefonía móbil Vodafone, Orange e Telefónica comezarán a ofrecer en Melide os servizos de 4G na banda de 800MHz, o que lle permitirá aos seus clientes gozar de conexión móbil de alta velocidade cunha mellor cobertura no interior dos edificios e maior velocidade de descarga, xunto cunha maior extensión xeográfica. Os servizos móbiles 4G empregan a frecuencia que antes empregaba a televisión dixital terrestre (TDT), o que pode ocasionar que o sinal de TV se vexa afectado por interferencias. É por iso que os veciños potencialmente afectados recibirán unha comunicación no domicilio para informalos de que poderán solicitar unha adaptación da súa antena.

O ADEUS DUN COMERCIO HISTÓRICO EN MELIDE

Ultramarinos Aceiteiro

“Máis ca unha tenda eramos un sitio para estar, sentar e falar, un lugar de confianza”



Javier e Antonio Rodríguez Pampín foron as caras visibles do negocio nas últimas décadas

-Ultramarinos Aceiteiro acaba de botar o peche despois de 118 anos de actividade. Como se sente?

-Antonio Rodríguez (A.R): Un pouco triste por ver toda esa xente que non contaba que iamos cerrar e que nos dicía que lle daba moita pena. Pechamos porque eu teño 67 anos e estou un pouco regular de saúde. Tamén nos axudou a tomar a decisión o feito de que os fillos están todos fóra e non hai relevo xeracional. Agora supoño que non será fácil adaptarse á nova vida, igual que para calquera xubilado. Disporei de moito tempo, cousa que antes non tiña. O autónomo non ten tempo nin para enfermar. Eu en 37 anos só estiven de baixa unha vez por mor dunha operación. Os sábados había que abrir, os domingos había que abrir, estabas atado todas as fins de semana... agora iso acabouse.

-Como reaccionou a clientela ao saber que pechaba un negocio histórico coma o que vostede rexentou?

-A.R.: Hai clientes que levaban máis anos vindo ca nós atendendo, así que imaxina. Sentírono moito porque isto non era só unha casa de comprar e vender; era unha tenda de sentarse na silla, de estar, de contar un conto, de esperar por un taxi, de facer unha pregunta que non sabían, de ensinar unha carta que non entendían..., era un consultorio sobre todo para a xente maior, un lugar de confianza. Na medida en que foi desaparecendo esa xente maior desapareceron tamén eses costumes. Con Ultramarinos Aceiteiro non só pecha unha tenda, pecha un sistema de vida. Marchamos moi agradecidos cos clientes que confiaron en nós durante todo este tempo e aos autónomos que quedan desexámoslles que teñan moita sorte.

-Cales foron os momentos de maior esplendor para o negocio?

-A.R.: Cando empezou a marchar a xente para Bilbao, porque viñan no verán, viñan con cartos, e enchían a casa de xente e de cousas. Foron os anos boiantes do negocio e do comercio de Melide en xeral. Foi tamén cando se comezaron a arranxar cuartos de baño, renovar as casas vellas e todas esas cousas. E logo tamén houbo outra época florecente que veu dada porque en todas as casas de Melide había unha porca parideira. Fixéronse cuadras e comezamos a vender moito penso. Antes a xente que sen terras non podía ter animais pero dende que houbo cuadras si.

-E os momentos máis difíciles que viviron?

-A.R.: Nós non os vivimos pero meus pais si. Foron os os tempos do estraperlo e das cartillas de racionamento. Despois da guerra había pouca mercancía para vender, era mal vendida, problemas de abastecemento... pero estaban afeitos a iso. A cousa non empezou a evolucionar ata os anos 60. Máis tarde chegaron os supermercados grandes e iso as tendas pequenas notámolo moito, levamos un pau.

UNHA TRAXECTORIA CENTENARIA

A orixe de Ultramarinos Aceiteiro comezou a forxarse algúns anos antes da súa apertura como tenda especializada nos comestibles de ultramar. Corría o ano 1898 cando o bisavó de Antonio Rodríguez arrendou por unha peseta diaria o hoxe coñecido como “Recuncho do Convento”, un edificio situado nunha das rúas máis céntricas da vila.

Naquela casa montou unha taberna e unha pousada na que tamén traballaban os seus fillos, José e Elisa Martínez, avoa de Antonio. Ela habíase converter na alma mater da taberna, que axiña pasou a ser coñecida como “Casa Elisa”. Xa por aquel entón comezaron a vender “algunhas cousas que facían faltas naqueles tempos”, explica Antonio: viño, pan, aceite, sardiñas, carburo... Ao ser pousada, tamén daban durmida e incluso dispoñían de cortes para os animais.

Á morte de seu pai, Elisa queda á fronte do negocio xunto cos seus fillos. Un deles marchou estudar empresariais á Coruña e da súa man comezaron a chegar novos produtos e servizos para aquela tenda-taberna-pousada. A modernización consistiu en incorporar abonos químicos, madeiras, un depósito de cervexa Estrella Galicia e outro de cemento, un material que chegaba a Curtis en tren procedente de Oviedo.

Precisamente unha das primeiras casas con paredes de formigón armado de Melide foi a que comezou a construír Elisa Martínez na Avenida da Coruña. Corrían os primeiros anos da década dos 20. En 1924 deixou a pousada para quedarse só coa parte do negocio dedicada aos ultramarinos, xa instalada na nova casa que construíra.

En 1928 Ultramarinos Aceiteiro comeza unha nova etapa: Elisa enferma e o seu fillo Manuel Rodríguez, á volta do servizo militar, faise cargo da tenda. Tras casar con Presentación Pampín incorporaron ao negocio a venda de roupa, que se mantivo ata o seguinte relevo xeracional, na década dos 70. Foi entón cando os últimos propietarios, Antonio Rodríguez e o seu irmán Javier, colleron as rendas da tenda. “Aumentamos a variedade de produtos que vendiamos porque a demanda era maior, pero a filosofía do negocio seguiu sendo a mesma de sempre”, aseguran.

Xa hai tempo que Antonio era consciente de que Ultramarinos Aceiteiro remataría a súa andaina o día que el decidise pechar a porta do negocio, a mesma que noutros tempos estaba sempre aberta: “nacemos todos os irmáns na tenda e sendo pequenos turnabámonos para atender na hora de xantar porque a porta, dende as 9 da mañá ata que iamos para a cama, estaba sempre aberta”. Agora que o negocio deixou de funcionar recoñece con certa tristura que os tempos mudaron: “antes as familias tiñan moitos fillos e algún quedaba na tenda, pero os nosos xa non van quedar; ao estudar e ter mellores oportu- nidades, escapan”.



Logotipo da bolsas de papel distribuídas na casa do Aceiteiro

O cambio total da cuberta poñerá fin ás goteiras no pavillón de Toques

Este inverno non choverá dentro do pavillón de Toques. Un investimento de 123.646 euros achegados integramente pola Deputación a través do Plan de Acción Social (PAS) 2015 permitirá poñer fin ás goteiras do polideportivo e dar carpetazo a un problema crónico que se repetía con cada borrasca e que mesmo obrigou a suspender a actividade das escolas deportivas e algún campionato polo perigo que supuña a auga de choiva apozada na superficie.

A maior parte do montante destinarase a cambiar a cuberta do edificio, que será substituída na súa totalidade. Ademais abrirase nun lateral "unha entrada ampla" cun portalón de 3 metros de alto por outros 3 de ancho "para que poidan acceder vehículos de emerxencia e camións de tamaño medio", explica o alcalde de Toques, José Ángel Penas. A actuación tamén contempla protexer os piares próximos á pista para evitar danos en caso de que os usuarios das instalacións colidan contra eles.



Exhibición de karate no pavillón municipal

A obra xa foi adxudicada no mes de setembro e os traballos comezarán "de forma urxente porque o tempo apremia ante a chegada do inverno", indica o rexedor. Será realizada por Construcciones Espiño, a empresa que obtivo maior puntuación "en base a criterios económicos e técnicos" das dez que se presentaron ao concurso, realizado por procedemento aberto tal e como obriga a institución provincial. Isto, xunto coa tardanza na aprobación do PAS, explican segundo Penas o atraso da obra, que xa tiña que estar feita.

Melide será o anfitrión do encontro de "bules" da provincia da Coruña

Melide converterase o próximo 5 novembro no punto de encontro a nivel provincial para máis de 250 "bules". Así é como son coñecidos os participantes do programa *Bule con Alcer*, unha iniciativa de carácter gratuíto posta en marcha pola Asociación para a Loita Contra as Enfermidades de Ril e enfocada a mellorar a calidade de vida das persoas con doenzas crónicas.

Á xornada de convivencia que acollerá a vila acudirán bules dos concellos de Ortigueira, Cedeira, Ferrol, Narón, A Coruña, Arteixo, Culleredo, Santiago, Teo, Boiro e Melide como anfitrión. Segundo explican dende a concellería de Benestar Social, o encontro de bules xirará arredor do exercicio físico, polo que as actividades deportivas terán especial protagonismo, ademais doutras de carácter cultura e social que se programaron "para favorecer as relacións persoais" entre os asistentes.

Líder provincial

A ximnasia adaptada de *Bule con Alcer* recalou en Melide hai catro ano e tivo dende o primeiro momento unha enorme aceptación. Tanto é así que a día de hoxe participan do programa preto dun centenar de persoas de diferentes idades con algún tipo de patoloxía crónica, a cifra máis alta de toda a provincia da Coruña. A actividade impártese tres días á semana con exercicios adaptados ás doenzas de cada participante.

Fenosa comeza a ampliación dos accesos ao ferry de Portodemouros

A tan agardada ampliación dos accesos ao ferry que cruza o encoro de Portodemouros comeza a ser unha realidade. Aproveitando que o volume de auga embalsada está en mínimos anuais Gas Natural Fenosa, concesionaria da explotación do pantano, deulle inicio ás obras o pasado 5 de outubro na marxe de Loño, no pontevedrés concello de Vila de Cruces.

Os traballos, que comezaron cun ano de atraso con respecto ás previsións iniciais, realizaranse tamén nos accesos dende Santiso. Comprenden a construción de cadanseu muro de contención de 300 metros de lonxitude, dende a cota mínima do embalse ata a máxima. Levantaranse polo lado da auga para logo botar recheo ata as ramplas xa existentes e amplialas así en 2 metros, pasando dos 7 que teñen actualmente a 9.


Operarios traballando na ampliación, na marxe de Loño

Unha vez rematada a actuación, previsiblemente cara a finais do mes de novembro, todos os vehículos autorizados a utilizar o ferry (aqueles que teñen ata 13 metros de largo e menos de 20 toneladas de peso) poderán embarcar e desembarcar en condicións de seguridade calquera que sexa a cota de auga embalsada.

Ata agora os vehículos agrícolas tiñan especial dificultade para acceder á embarcación debido á falta de espazo para manobrar. Mesmo se teñen producido situacións de perigo con casos de tractores que estiveron a piques de caer á auga tras desprazar a barcaza cando intentaban acceder a ela.

Medio Rural volve autorizar as queimas de restos agrícolas

Coa chegada das primeiras chuvias do outono e a conseguinte diminución do risco de incendios a consellería do Medio Rural volve autorizar as queimas de restos agrícolas e forestais. Dende o pasado 3 de outubro xa se pode solicitar o permiso a través do teléfono 012.

En caso de queimar restos agrícolas abonda con comunicalo dous días antes. Para as queimas de restos forestais amoreados, e debido ao maior risco que implican, é preciso solicitar unha autorización, sendo maior o proceso de tramitación. En todo caso a Consellería do Medio Rural lembra que as autorizacións a as comunicacións deixarán de ter validez nos días en que haxa vento e/ou altas temperaturas. Nese caso habería que solicitar un novo permiso.





TEMPADA DO COCIDO


Todos os venres

Santa María

MELIDE

Teléfonos:
981 50 76 17
606 59 04 46





PREPARAMOS CAZA POR ENCARGO

Dúas Rúas bodeguilla

Reapertura

NOVA XERENCIA

Praza da Herba - Rúa Principal
MELIDE





A piscina de Santiso acumula en dous anos 27.000 € de gastos en melloras

O Concello de Santiso vén de realizar un novo investimento na piscina de Visantoña co obxectivo de corrixir definitivamente as deficiencias que viña arrastrando este complexo deportivo e de ocio nos últimos anos. Os traballos de mellora, xa rematados, completan os realizados nesta mesma época o ano pasado, cando se aplicou unha nova capa de masilla sobre os azulexos do vaso principal para evitar fugas de auga que se traducían nun incremento do gasto eléctrico e da cloración.

Daquela gastáronse 7.000 euros só en material, pois as obras foron realizadas por traballadores do Concello. A esa cantidade súmanse agora outros 19.900 euros que non só serviron para arranxar as deficiencias da piscina, senón tamén para realizar cambios no sistema de tratamento da auga que permitan reducir no futuro os custos dun complexo que para o Concello de Santiso é "un comecartos", tal e como recoñeceu no seu día o alcalde, Manuel Adán.

Contedores para o cloro

Nesa liña de aforro foi encamiñada unha das principais actuacións; a instalación na sala de máquinas de contedores para o cloro. "Sae tres veces máis barato ca andar traéndoo en garrafas", explica un técnico de Galitex Desarrollos Tecnológicos, a empresa de Lalín especializada en instalacións deportivas, ximnasios e mobiliario urbano que realizou as obras. "Con este sistema a piscina vai funcionar practicamente soa. Terá que vir alguén limpala dúas veces á semana e punto. Ademais estará sempre en condicións óptimas para o baño. Cando se clora manualmente hai que agardar como mínimo dúas horas para que os valores sexan os axeitados".

Para poder instalar ditos contedores de cloro foi necesario mellorar o acceso á sala de máquinas da piscina, situada na parte traseira do complexo. Deste xeito, ancheouse o camiño e construíuse un muro de contención. No interior tamén se reparou o motor e se substituíron 12 válvulas.

Outras das actuacións de máis envergadura foi a canalización do desaugue, que irá "a cuneta aberta", segundo explicou o rexedor. Manuel Adán descarta que isto xere problemas medio ambientais: "así nolo indicou a empresa, máis se houbese que darlle outro tratamento daráselle". Ata agora a auga baleirada da piscina "non ía para ningún lado" e quedaba no propio terreo do contorno ata que era absorbida.

Por outra banda cambiáronse os filtros e tamén se mercou un robot de limpeza para o vaso. No exterior realizáronse melloras na área de ocio anexa, afectada por repetidos actos vandálicos e na que había bancos rompidos e elementos inservibles na zona de xogos para os cativos. En concreto o que se fixo foi reparar os que estaban danados e instalar outros tres novos.



Ancheamento do acceso á sala de máquinas e muro

Completan o arranxo de pistas en San Benito, Novela e Carballido

Os concellos da comarca aproveitan os últimos días deste outono seco para arranxar estradas e pistas de cara á chegada do inverno. Santiso non foi unha excepción e acaba de completar as melloras nas vías de tres lugares: San Benito e Novela (onde se botou cadansúa capa de aglomerado) e Carballido, onde se optou polo asfaltado. As intervencións tiveron un orzamento de 64.000 euros con cargo ao Plan Marco da Xunta para a mellora de camiños municipais.

A próxima primavera o goberno local prevé iniciar os asfaltados recollidos no Plan de Obras e Servizos de 2015, aínda sen executar por problemas administrativos.



FESTIVOS LOCAIS 2017

TOQUES

27 de febreiro
(luns de Entroido)

15 de maio
(luns, San Cidre)

SOBRADO

28 de febreiro
(martes de Entroido)

29 de xuño
(xoves, San Pedro)

SANTISO

13 de xuño
(martes, San Antonio)

14 de setembro
(xoves, Santa Cruz)

MELIDE

17 de abril
(luns de Pascua)

29 de xuño
(xoves, San Pedro)

JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc...

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

Plan de Apoyo al comercio minorista **2016**

Cámara Santiago de Compostela

CCA Melide Centro Comercial Abierto ASETEM

□ondo Europeo de Desarrollo Regional

Una manera de hacer Europa

TALLER DE ECOMMERCE Y REDES SOCIALES PARA COMERCIO MINORISTA



COMO IMPULSAR MI TIENDA ONLINE Y POSICIONARME EN REDES SOCIALES

Gratuito previa inscripción
Plazas limitadas

15 de noviembre de 2016

Lugar:
Lugar de celebración del taller.
Salón de Actos de la Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem – CCA)
C/ Lino Sexto Sánchez, 1 Bajo
Melide.

Horario:
De 09.00 a 13.00 h (4 h)

Dirigido a:
Preferentemente autónomos, microempresas, pymes, empleados y emprendedores del sector comercial minorista.

Inscripciones:
Tlf: 981 506188. info@asetem.com o en http: www.camaracompostela.com

Imparte: Javier Rocamora
Consultor y formador en marketing online y offline, comunicación, liderazgo y gestión de equipos.
http://www.las3enpunto.es

UNIÓN EUROPEA

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE ECONOMÍA Y COMPETITIVIDAD · SECRETARÍA DE ESTADO DE COMERCIO

Cámara de Comercio de España



- Luns a domingo, de 13:00 a 16:00

- Xoves, venres e sábado, de 13:00 a 16:00
de 22:00 a 00:00

- Domingo, luns, martes e mércores: ceas baixo encarga





Que servizos ofrece Asetem?

- **Asesoría xurídica, fiscal e laboral**

  Resolve gratuitamente todas as túas dúbidas de man dos profesionais cualificados da Confederación de Empresarios da Coruña, da Federación Galega de Comercio e da Federación de Autónomos de Galicia, organismos nos que estamos integrados.

- **Información e tramitación de axudas**

  Achegamos de forma puntual información sobre todas as subvencións e liñas de axuda ofertadas dende os diferentes organismos. Se o precisas, tramitámosche as solicitudes de xeito gratuíto. Tamén informamos sobre os cambios lexislativos de relevancia.

- **Organismo acreditado**

  Asetem é un organismo acreditado para a realización de cursos oficiais de manipulador de alimentos, benestar animal e transporte de animais vivos. Estamos habilitados para intervir como árbitros ante calquera conflito que se dirima no Instituto Galego de Consumo.

- **Un espazo de comunicación**

  A asociación de empresarios é a responsable do Xornal Cerne, publicado mensualmente dende 2004 como unha ferramenta de difusión da actividade comercial e de información plural para a veciñanza. Na nosa páxina web tes outra canle de comunicación e tamén un espazo para o teu negocio.

- **Convenios con garantías**

  Accede a vantaxes na contratación de servizos para o teu negocio grazas aos convenios que asinamos con entidades como Banco Sabadell, La Caixa, Efa Piñeiral, Seguridade A-1, Radio Melide ou R.

- **Oferta formativa**

  En Asetem organizamos cursos formativos pensando nas necesidades dos nosos asociados: Escaparatismo, técnicas de venda, prevención de riscos laborais, oratoria, habilidades directivas, primeiros auxilios, redes sociais e internet...

- **Feiras, eventos e campañas**

  Poñemos en marcha numerosas iniciativas ao longo do ano co obxectivo de dinamizar o tecido produtivo local e crear vida na comarca: Este Nadal toca en Melide, Bono Asetem, Unha voltiña por Melide, concurso de tapas de primavera e outono, En Melide todo o día, Salón da Voda, Mercamelide, Feira de maquinaria agrícola...

- **Cesión gratuíta do local**

  As instalacións de Asetem están a disposición das empresas asociadas sempre que o necesiten.

- **Bolsa de traballo**

  Axudámosche a atopar o empregado que necesitas.

Aínda non lle ves as vantaxes? Asóciate!!

CCA Melide CentroComercialAberto ASETEM

Sobrado compartirá con Curtis o uso de nova maquinaria para limpezas

É o resultado dun convenio asinado en materia de medio ambiente entre estes dous concellos veciños



A nova maquinaria sera útil para a limpeza mecánica de cunetas

O Concello de Sobrado poderá dispor en breve de nova maquinaria para realizar tarefas de desbroce e limpeza, así como para intervir na extinción de incendios durante o período estival. A dotación incluirá unha cisterna con capacidade para 7.000 litros e canón a presión incorporado (valorada en 15.000 €), mangueiras, unha motoserra, unha rozadora manual e outra de brazo para acoplar a tractores.

O uso e o custo de dita maquinaria será compartido a medias co veciño concello de Curtis, co que Sobrado asinou un convenio para concorrer a unha liña de subvencións da Xunta en materia de medio ambiente. Grazas a esas axudas tamén se puido contratar a brigada antiincendios que operou no municipio durante os meses de xullo, agosto e setembro.

O orzamento total, sumando maquinaria e brigadas, ascende a 60.000 euros, dos cales a Xunta financia o 70% e os concellos un 15% cada un.

Aviso da oposición

Para poder facer efectivo o cobro da subvención autonómica, e en liña co establecido na lei para os convenios administrativos, o acordo que Sobrado asinou con Curtis tivo que ser ratificado por maioría absoluta no pleno municipal.

O trámite saíu adiante por unanimidade pero coa reprimenda da oposición ao goberno socialista polo xeito de proceder no asunto, pois o convenio foi sometido a ratificación in extremis, tres meses despois de asinalo e cando os brigadistas xa remataran o seu contrato. "Deberíase ter outra consideración coa oposición, que somos maioría", recriminou dende o PP Jacobo Fernández, "se votásemos en contra a subvención viríase abaixo e nós seríamos uns desgraciados. Votamos a favor pero non me gusta que se nos presione desta forma nin que o noso voto estea condicionado polas circunstancias do Concello".

Nunha liña semellante a portavoz de Todos por Sobrado, Chus García, instou ao executivo local a "ser conscientes de que sodes un goberno en minoría". Pola súa banda o alcalde, Lisardo Santos, descartou calquera estratexia para condicionar o voto da oposición e asegurou que non se puido levar o convenio ao pleno anterior porque "faltaba unha firma".

Colocarán en Souto contedores para a recollida de lixo voluminoso

O Concello de Toques colocará colectores de metal no punto de recollida de plásticos habilitado en Souto, na pista da Tillería, para que nun futuro próximo tamén se poidan depositar no lugar refugallos de gran volume, como ferralla ou restos de material de obras.

Precisamente os colectores que se van instalar serán como os utilizados nas obras para recoller os cascallos. A intención inicial do consistorio, segundo explicou no pleno o alcalde, José Ángel Penas, era mercar uns recipientes máis axeitados, incluído un para a recollida de garrafas de aceite. Non obstante dita opción foi desbotada debido ao seu elevado custo: "contactei coa empresa de recollida de lixo e dábannos un orzamento de 3.000 euros, algo inasumible para o Concello".

A solución pasará, xa que logo, pola reciclaxe, pois o goberno local decidiu reutilizar colectores de metal que ten en desuso e mercar algún de segunda man se fose preciso para o depósito de material. En principio prevese colocar tres: un para ferralla, outro para plásticos duros e un terceiro para cascallos. "Cando estean cheos pódeselles enganchar un camión e levar o lixo xa separado a un centro de xestión". O destino podería ser o punto limpo de Sobrado ou o de Melide, concello co que o rexedor considera interesante negociar un convenio.



Punto de recollida de plásticos habilitado polo Concello

Avalancha de visitas ao Castelo de Pambre



Visitantes paseando polo interior da torre do castelo

O Castelo de Pambre, que abriu recentemente as súas portas ao público tras ser obxecto dunha restauración integral, está a espertar un grande interese entre a poboación. Boa mostra diso dá o número de visitas rexistradas na primeira fin de semana trala apertura; 1.300 persoas pasaron pola fortaleza medieval, o que obrigou ao Concello de Palas de Rei a incrementar o persoal de atención ao público e os efectivos de protección civil co obxectivo de controlar o acceso de vehículos ao aparcadoiro habilitado nas inmediacións. A entrada será gratuíta ata finais de ano. Logo pasará a custar arredor de 2 euros por persoa, segundo informaron fontes municipais.

Entender a factura da luz

A Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), dependente da Deputación, pon en marcha un novo servizo de asesoramento personalizado sobre facturación eléctrica e aforro enerxético destinado aos cidadáns da provincia. A través do correo electrónico *consultas@faepac.org* os veciños dos municipios coruñeses poderán enviar as súas facturas e consultar cun técnico especializado calquera dúbida relativa á facturación ou ao uso eficiente da enerxía no seu fogar. Tamén poderán asesorarse sobre erros na factura, a potencia contratada, elección da tarifa máis axeitada ou como reclamar ante as compañías.

A apertura do novo servizo de asesoramento aos cidadáns enmárcase na estratexia do goberno provincial para facer da FAEPAC unha fundación máis próxima e útil. Durante o ano pasado prestou servizos de análise e control a 18 concellos, permitindo aforros importantes que nalgúns casos superaron os 50.000 € anuais.

BO ARRANQUE DE TEMPADA PARA AYUDE



No campionato de boxeo



Ranking nacional de esgrima en Amposta

Arranca a tempada e Escuela Ayude comeza a quentar motores nas diferentes disciplinas de loita sobre as que imparte ensinanza. A primeira parada foi a comezos de outubro en Maceda (Ourense) para participar nos campionatos de España de boxeo olímpico, nos que a escola melidense estivo presente con tres xoves promesas: Lía Mellid, Nahum Ayude e Rubén Simón, que conseguiu facerse cunha prata, sumando así por segundo ano consecutivo un metal nun campionato nacional.

No que á esgrima se refire o calendario competitivo comezou en Amposta (Tarragona) co primeiro ranking nacional en categoría júnior. Arón Ayude foi o único representante local nesta proba que definirá a ruta a seguir nos vindeiros campionatos de España. Na categoría individual clasificouse no posto 35 dun total de 130 tiradores. Na competición por equipos, na que participou coa sala de esgrima de Burgos capitaneada por Carlos Zayas, logrou quedar nun meritorio quinto posto.

CICLO DE TEATRO DE CHARAMELA

O Ciclo de Teatro Afeccionado organizado pola Asociación Charamela aproxímase ao seu fin. Mais antes de pechar o telón, a Casa da Cultura de Melide aínda acollerá dúas representacións máis ao abeiro desta iniciativa a través da que, dende hai cinco anos, compañías amateur de toda Galicia traen as súas creacións á vila. O vindeiro sábado 22 de outubro será a quenda da agrupación O Bordelo, chegados dende o concello de Cervo. Poñerán en escena a obra titulada *"O reparto"*. O fin de semana seguinte, tamén sábado e como colofón final, será Charamela quen se suba ás táboas para representar *"Se o sei... non volvo"*. As obras comezarán ás 21:00 horas.

ENTENDENDO A DEPRESIÓN

A aula CEMIT do Edificio Multiusos de Melide acollerá o vindeiro 9 de novembro unha charla infor-mativa baixo o título "Entendendo a depresión". Celebrarase entre as 16:30 as 20:30 horas baixo a organización da Escola Galega de Saúde para Cidadáns e será impartida por Marta González Rodríguez, psicóloga clínica. Terá como obxectivo mellorar a información e comprensión da depresión e da ansiedade por parte dos pacientes, familiares e cidadáns en xeral, así como recoñecer os síntomas e os factores que a orixinan e abordar os seus posibles tratamentos e terapias. As persoas interesadas en participar deben anotarse no departamento de Orientación Laboral do Concello de Melide ouchamando ao número de teléfono 981 50 50 03.

O FÚTBOL SALA FEMENINO DEBUTA CUNHA CONTUNDENTE VITORIA



Integrantes do F.S.F o día da presentación oficial do equipo


Non puido comezar mellor a tempada de liga para o Melide Fútbol Sala Feminino, que debutou na competición oficial cunha contundente vitoria sobre o Fútbol Club Meigas, conxunto de Ames ao que derrotou por 4-0.

Malia que a presentación oficial do club ante a afección local se realizou o 24 de setembro cun partido amistoso contra o Vila de Cruces, o debut na competición fíxose de rogar e non chegou ata tres semanas máis tarde. As de Melide non disputaron o primeiro encontro previsto ao retirarse da competición o equipo rival, o F.S.F Vila de Cee. Tampouco saltaron á pista a fin de semana seguinte, pois era a súa quenda de descanso, de xeito que foi o pasado día 15 cando por fin puideron poñer en práctica (con éxito) o seu xogo. O próximo partido será en Ferroltera contra o Fervenza F.S.F.

A OURIVERÍA DO MUSEO DE LUGO, EN MELIDE

A colección de ourivería antiga do Museo Provincial de Lugo chega ao Museo Terra de Melide. A inauguración desta mostra itinerante será o vindeiro 3 de novembro ás 17:30 horas e irá acompañada dunha presentación a cargo de Aurelia Balseiro, directora do Museo Provincial de Lugo e especialista en ourivería antiga. A exposición, que se poderá visitar ata o 30 de novembro, propón unha visión completa a través dunha serie de paneis fotográficos e explicativos da colección de ourivería prehistórica e antiga, con mostras que abarcan dende o II milenio a.C ata o século VI d.C. A mostra, que foi declarada no ano 2015 Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia, destaca polo elevado número de pezas que a compoñen (50) así como pola súa variedade morfolóxica.



ASOC. DE TROITEIROS "RÍO FURELOS" - MELIDE
TALLER DE MONTAXE DE CULLERIÑA
Sábados 5, 12, 19, 26 de novembro
Horario de 16:00 a 20:00

LUGAR: Mateo Segade Bugueiro, 4
Apuntarse no tlf.: 696 60 73 48
e-mail: asociaciontroiteiros@gmail.com

XXVII SEMANA DA MÚSICA
DA TERRA DE MELIDE

Organizada pola Coral Polifónica de Melide

Días 12, 13, 18, 19 e 20 de novembro
na Casa da Cultura ás 20:00 h.

Sábado 12
- A Maristela
- Coral de Sobrado
- Fátima Lea

Domingo 13
- Pozo Pequeno
- Coral de Santiso
- Os Melidaos

Venres 18
- O Balado
- Coro Parroquial
- Leirabuxo

Sábado 19
- Grupo de gaitas e percusión do Concello de Melide
- Herba Grileira

Domingo 20
- Irene Ruiz, Carla Rey e Xoán Curros
- Froito Novo
- Coral de Melide





AVOGADOS

Ana Pernas Vilasuso
C. 1678

Miguel Fernández López
C. 711

HERDANZAS

R/ Luis Seoane, 2 - 2º
Tlf.: 981 506 455 - 661 580 004

MELIDE

Ransomware

Rafael Rodríguez Gaioso, enxeñeiro informático


Avast.com

O «ransomware» é un termo inglés que está formado por «ransom» (secuestro), e «ware» (software). É polo tanto un programa informático que ten a capacidade de restrinxir o acceso a determinadas zonas do noso ordenador, e que logo pide un rescate para quitar esa restrición. Os máis recentes, como «CryptoLocker» ou «CryptoWall» son coñecidos porque cifran os ficheiros do disco, impedindo o acceso aos mesmos.

Pode chegar ata o noso ordenador a través dunha mensaxe de correo electrónico que contén un ficheiro infectado, ou incluso visitando unha páxina web con contido malicioso. Na maioría de casos, aprovéitanse de fallos de seguridade no noso sistema operativo e/ou nos programas para navegar ou consultar o correo electrónico. A partir dese momento, consegue activarse e comeza o proceso de cifrado dos ficheiros no disco duro do equipo, amosando a continuación unha mensaxe coas instrucións a seguir para pagar o rescate. O prazo para realizar este pago soe ser de 2 ou 3 días, e o importe pode variar entre 1 e 2 bitcoins (1BTC=577€). Canto máis tempo pase, maior será o importe, ou ben, xa non poderemos facer nada, e perderemos os nosos datos. O nivel de cifrado é tan alto, que resulta imposible recuperar a información se non contamos coa clave privada que ten o secuestrador.

Por suposto, hai xeito de evitar, ou polo menos mitigar os efectos dun secuestro deste tipo. En primeiro lugar, debemos facer copias de seguridade periódicas da información que gardamos nos nosos ordenadores. Deste xeito podemos recuperar os ficheiros desde o lugar onde gardamos esas copias. A segunda tarefa a realizar é ter actualizado tanto o noso sistema operativo, como aqueles programas que utilizamos para navegar por Internet, ou xestionar o correo electrónico. E por último, se usamos un sistema operativo Windows, é imprescindible contar cun antivirus actualizado.

En caso de que nos vexamos ante unha situación de secuestro do noso ordenador, o primeiro que debemos facer é denuncialo ante as autoridades policiais, que contan con departamentos especiais para este tipo de delitos (@policia e @GDTGuardiaCivil en Twitter). Non imos conseguir que nos solucionen o problema, e os secuestradores están demasiado lonxe para poder actuar contra eles a tempo (Rusia e India soen ser a orixe dos ataques), pero axudaremos a que os axentes reúnan detalles sobre o tipo de ataque, e así poder evitar futuros secuestros doutros ordenadores.

A captura da troita

Xavier Pazo, presidente da Asoc. de Troiteiros “Río Furelos”

Sacar unha troita do río, especialmente utilizando un aparello lixeiro e ben equilibrado, é unha das partes máis amenas para o pescador de auga doce. Facelo correctamente só se consegue grazas á práctica e á experiencia. En primeiro lugar temos que coñecer ben o aparello que estamos utilizando e saber perfectamente o que podemos facer con el, por exemplo, canto podemos tensar a sedela antes de que rompa e ata que punto podemos inclinar a cana. É moi importante ter un equipo equilibrado: caña, carrete e sedela e que esta última teña unha elasticidade e unha resistencia proporcionais á forza de acción da caña.

Nun primeiro intre temos que revisalo todo (cana, aneis, carrete e sedela) e axustar o freo ata que nos deixe tirar da liña de sedela coa man. De seguido, unha vez regulado o freo do carrete, poderemos exercer a máxima presión sobre a troita ou calquera outro peixe, sabendo que a sedela non romperá. Esta é unha función que temos que facer a miúdo, pois coa calor e uso sempre varía un pouco.

Cada vez que a troita pica fai que a sedela se tense e a punta da cana absorba o tirón. Cando a troita empece a ceder, temos que baixar a cana e rebobinar un pouco a sedela, bombear a cana cara arriba e volver recuperar sedela. Nalgunhas ocasións a cana dobra tanto que parece que vai romper, fai unha curvatura que ningún vendedor dá creto, pero a elasticidade da sedela permite facer fronte ante esta complicación que nun principio parece imposible de resistir. Polo tanto non temos que ter medo de forzar os nosos aparellos ao 100% para ter a situación controlada e con man firme. Tamén vai chegar o día no que a troita que pique vai ser tan grande que a recuperación pareza imposible. Pero volvo repetir que, se temos un equipo equilibrado, o éxito está garantido.

A mellor forma de controlar unha troita é facela cambiar de ruta e exercer unha tensión oblicua. Para isto temos que dirixir a punta da cana ata debaixo da auga e cara o lugar onde se dirixe a troita. Así unha e outra vez ata que poidamos dirixir a troita cara a un. A maioría das troitas que se ceiban escapan cando van ser sacadas do río, normalmente porque aínda poden moverse. O pescador quere coller a troita pero esta deféndese e, ou se solta do anzol, ou rompe a sedela quedando libre. A regra fundamental para coller a troita é agardar a que a non se mova; así non sufrirá feridas e tampouco sufrirá o noso ego.

Mamá, papá, hoxe non quero ir a ao colexio

Alba Freire, estudante

Cantas veces puidemos repetir esta pequena frase cada un de nós? Cantas veces a dixemos co fin de librarnos dunha pesada clase? Ou cantas outras o dixemos co fin de evitar acudir un día ó colexio, quen di colexio pode dicir tamén instituto? Pero tras esta pequena frase, ás veces, escóndense outro tipos de sentimentos, sentimentos que moitos raparigos e raparigas non desvelan na súa totalidade por medo. Este medo do que falo encobre algo tan turbio como pode chegar a ser o acoso escolar, ese maltrato físico ou psicolóxico, ou ambos, que sofre unha parte importante da poboación e que tende a aumentar co paso dos días, levándonos a cifras estratosféricas.

O acoso é esa mala actitude que vai dende un empuxón, ameazas, illamento, insultos, palabras nocivas ou a sobrenomes humillantes, e que pode chegar a extremos innombrables, repetíndose de maneira reiterada e ó longo do tempo co fin de desenvolver o sentimento de medo e de inferioridade na vítima. Na actualidade, e coa importancia das redes socias, co fácil acceso que teñen a elas os rapaces e rapazas, nace outro tipo de acoso que non só queda no ámbito de estudo, senón que se leva a outra dimensión, chegando a estar presente todo o día e sen deixar ‘’descansar” un só segundo á vítima que o sofre.

O acoso escolar, tamén coñecido como ‘’bullying”, ten efectos moi nocivos sobre a saúde psíquica e física, que na maior parte dos casos derivan en problemas moi graves de saúde chegando a deixar secuelas irreversibles, sobre todo a nivel psíquico a largo prazo, condicionando a vida futura dese raparigo ou rapariga.

Pese ás numerosas disposicións legais que abordan e tratan este fenómeno dende diferentes ámbitos, parece que non son suficientes para erradicar un problema tan severo e nocivo que sofren moitos nenos e nenas no seu ámbito de estudo. Dende a miña humilde opinión, nos centros escolares deberíaselle prestar máis atención a este tipo de condutas, xa que soe ser o sitio no que mellor se aprecian e onde se poderían erradicar con maior facilidade. Iso si, os pais, nais e titores tamén xogan un papel clave, no que lle deberían inculcar certos valores positivos e castigar eses malos comportamentos.

Recorda que, hoxe son eu, mañá podes ser ti.



MANUEL ZAS CEBRAL, TRANSPORTES ZAS

“A esta crise non lle vexo arranxo porque xa desapareceron as estruturas do sector”

Leva media vida dedicado ao transporte de porcos. Levantou o negocio dende cero en tempos nos que todo era escaso, mesmo os cartos para poder sacar o carné de conducir. En pouco tempo e con moito traballo logrou poñer nas estradas unha flota de dez camións con servizo dende tres prazas a outras 230. Superada a idade da xubilación, Manuel Zas segue en activo, vivindo a profesión como o primeiro día pero vendo con preocupación o presente e o futuro dun sector que, ao seu xuízo, está condenado a desaparecer: “complícanche a vida de tal maneira que hai que deixalo”.

- A súa empresa leva preto de 40 anos transportando porcos. A cantos países chegan na actualidade?
-Manuel Zas (M.Z.): Chegamos practicamente a toda Europa. Onde máis traballamos é en Alemaña e Dinamarca, pero tamén en Italia, Luxemburgo, Francia... imos buscar porcos con selección xenética para a recría e traémolos para as granxas de España. Por outra parte recollemos porcos vivos nas granxas galegas e levámolos a Girona para sacrificar. Logo veñen de volta xa listos para o consumo. Tamén levamos ceba a Portugal porque en Galicia xa non quedan matadoiros e hai que saír fóra. De todas formas levamos moita menos ca antes. Houbo un tempo no que foi o noso principal mercado porque alí non tiñan transporte pero agora o sector xa conta con todas as infraestruturas e non teñen necesidade de pagarlle a ninguén. Xa van por diante de nós. Ademais alí a seguridade social é máis barata e non damos competido con eles.

- Deduzo polas súas palabras que o sector atravesa un momento delicado...
-M.Z.: Delicadísimo. Se non cambian a política, isto pouco tempo durará. Antes estabamos todos os días nos matadoiros e agora está todo patas arriba. En Galicia só quedará o Camiño de Santiago. Se un matadoiro pecha porque fai mal as xestións, pois pechou. Pero o que está pasando é que non dan aguantado con tantas esixencias que lles piden e coas multas que lles caen por todos os lados. Noutros lados é diferente. En Portugal están facendo matadoiros novos e funcionan. Imos a Alemaña, cargamos, vimos e ninguén di nada. Aquí está todo condenado a pechar.



Manuel Zas e o seu fillo Jorge na nave que ten a empresa no polígono da Madanela

- Que parte do negocio é a que máis se complica?
-M.Z.: O máis duro son os veterinarios e os gardas, que poñen trabas para todo, así que o mellor é estar quieto cando hai tronada. Polo malo non te mates e polo bo non te agaches. Cando hai tempos para andar, hai que andar e cando non, parar. Non merece a pena gurrar. Para que te vas esforzar? Se queren que non se faga nada, non se fai.

- Tan duras son as esixencias en materia de benestar animal e no transporte de animais vivos?
-M.Z.: De que vaian ben os animais encargámonos nós, porque sabemos como facelo e porque a xente está preparada. Pero ese tema as autoridades non o ven e dannos moito a lata. Eu empecei dende o fondo e mirei de facelo mellor ca ninguén, tendo bo material e formando á xente para ter unha calidade de transporte boa. E agora dannos de fronte. No transporte de gando seleccionado se non o facemos ben bótannos fóra. É así de simple; o que paga esixe. Se ven a competencia e presenta os animais mellor ca nós, xa quedamos eliminados.

- Como foron os seus inicios na profesión?
-M.Z.: Empecei no ano 1978 con Ebro cargando 40 porcos. Ao principio foi difícil. Vinme moi apurado para sacar o carné de conducir porque non tiña cartos, nin quen mos prestara nin onde ganalos. Ata 1986 non houbo maneira de saír para adiante. A partir de aí empezamos a medrar e ata o 2004 foi un período bo. Foi cando se fixo todo e chegamos a ter dez camións e servizo dende tres prazas ata 230. Agora que estamos preparados parece que temos que desfacer o que fixemos e volvemos a pelexar. Eu xa vivín algunhas crises pero a esta non lle vexo arranxo porque xa desapareceron as estruturas. A mentalidade é moi distinta a cando eu empecei. Daquela parecíache que ías para arriba e que te apreciaban porque estabas facendo un labor bo e xerando traballo e riqueza. Agora parece que é ao revés; bótanse a ti como se estiveras facendo algo mal. Complícanche a vida de tal maneira que hai que deixalo. A min xa me é horas.

- No caso da súa empresa hai quen siga loitando. Ten o relevo asegurado.
-M.Z.: Si, un fillo segue no transporte e outro dedícase á cría. Tendo unha granxa e empezando a transportar é cando ganas algo. Vas probando, sen facer grandes investimentos... Nos meus tempos o que se arriscaba moito normalmente caía se non tiña unha vaca de leite detrás. Agora nin vaca de leite hai. Eu aos fillos recoméndolles que se retiren e que se vaian do país. Aquí non queda nada máis ca o Camiño de Santiago. Está ben que os peregrinos corran por aí pero se no meu tempo a xente correra así, isto morría de fame. Xa pouco lle faltaba, pero ao final con traballo o país foise levantando.

“Traemos porcos con selección xenética para a recría de Francia, Italia, Alemaña ou Dinamarca”

“Empecei dende o fondo e mirei de facelo mellor ca ninguén para ter boa calidade de transporte”

Transportes Zas
Tlf: 649 87 64 50
Polígono da Madanela

MICROAUDIO
CENTROS AUDITIVOS DE MULTIOPTICAS

Si te tienen que hablar así...
quizá deberías revisar tu audición.



Solicita tu **REVISIÓN GRATUITA**



PVP recomendado. Hasta el 31/12/2016 llévate dos gafas (montura mó + lentes) con lentes graduadas monofocales orgánicas antirreflejantes Beslayt 1.5 AR, cilindro + 2, esfera + 2 a - 4 por 97€. Ambas gafas con la misma graduación. Válido para una selección de monturas mó señaladas en el establecimiento que lo publicite. No acumulable a otras ofertas o promociones.

2 gafas mó
graduadas
con antirreflejante
97€

Más de 1000 modelos

mó
:diseñadas para vivirlas_sólo en **MULTIÓPTICAS**

Ronda de A Coruña, 20
T. 981 505 199
*15800 **Melide** • A Coruña*

www.multiopticas.com

MULTIÓPTICAS
Tabora
REXCE ÓPTICA: E-15-001238
REXCE AUDIO: E-15-001241